

N.º 134

Tomo 12

nós

CATILAN



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fóra da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

PONDAL.

POEMAS DE PONDAL.

CAMOENS E PONDAL por F. BOUZA BREV

ETIMOLOXÍAS DALGÚNS NOMES XEOGRÁFICOS DE QUEIXUMES DOS PINOS por PAULINO PEDRET CASADO.

MARXINALIAS AOS «QUEIXUMES» por R. OTERO PEDRAYO.

MITTELEUROPA, por VICENTE RISCO.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárgos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVII



Ourense 15 de Febreiro de 1935



Núm. 134

Eduardo Pondal, o vello Bardo de Bergantiños, deixou sobre a literatura galega, volta a nacer no seu tempo, un prestixio de revelación milenaria.

Preferímolos porque a súa voz —todo poeta auténtico chega a ser unha voz impersoal como a dos profetas— ven d'un tempo que il mesmo, Eduardo Pondal Abente, nado en Ponteceso en 1835, estudante, médico, etc., etc., non podía lembrar, mais que lembraba o seu sangue, onde era vida e quentura a i-alma segreda de Galiza.

Preferímolos porque deixou falar a voz misteriosa que falaba n-il, porque recibeu as Palabras de onte, cando as verbas vestiron os primeiros asombros da raza.

Porque sabía moito mais do que coidaba saber, e porque, non sabendo do presente, soupo do senso inmorrente do pasado e do que había vir despois de pasarmos nós.

Pondal foi o que un poeta ten que ser cando non é poeta pra si mesmo.

Foi poeta pra Galiza, pertencenos a todos, e nós somos os seus.



P O E M A S D E P O N D A L

A L I R A A D E T I R T E O

Quen tivera ditoso
 Un tan sublime acento
 Que do seu fondo sono
 Despertara os galegos!
 Oh!, quen cumprir puidera
 Tan xeneroso intento
 Desenterrando a lira,
 A lira de Tirteo!

Certo non lle puxera
 Doces e brandos nervos,
 Mas dobres lle cinguiara
 Unhas cordas de ferro...

Oh!, cal soara baixo
 Dos meus febreantes dedos
 a lira sonora,
 A lira de Tirteo?

Oh!, como despertaran
 Os mais sublimes ecos,
 Ecos de liberdade
 Dos parias e dos servos!
 Cal do seu fondo sono
 Despertara os galegos
 A lira estrepitosa,
 A lira de Tirteo!

*
 * *
 *

Indo polo camiño
 da Coruña a Santiago
 deixamos pola esquerda
 Santa Cruz de Montaos.
 Terra das longas gándaras,
 dos eidos alongados:
 ¡oh canto a min me praxe
 a gándra atravesando,
 ver na súa pranura
 Santa Cruz de Montaos!

¡Terra das altas uces,
 terra dos toxos altos,

terra das vagas brétemas,
 terra do bó fidalgo,
 do Señor de Mesfa (1)
 nos tempos xa pasados
 que levara seu nome
 armonioso e preclaro.

¡Oh, canto a min me praxe
 a gándra atravesando,
 ver na súa pranura
 Santa Cruz de Montaos!

1909.

(1) Diego López de Montaos, Señor de Mesfa.

*
* *
*

Meniñas da Cruña
de amabre despexo,
de falas graciosas
e pasos lixeiros,
deixá de Castilla
os duros acentos:
falade, meniñas,
falade galego.

Cando é que vos ouzo,
a patria esquencendo,
falar esas duras
palabras de ferro,
non sei o que sufro,

non sei o que peno:
falade, meniñas,
falade galego.

Mais cando falades
dos patrios momentos
envoltos no voso
angélico acento,
parece que escuito
un canto do ceo:
falade, meniñas,
falade galego.

1898.

*
* *
*

Denodados e fortes
foran nosos abóos;
e barudos e intrépidos
e de nobre tenzón:
luitaran e de escravos nos fixeran
libres e libres-nosos eidos bóos.

Cando os tempos comparo

e vexo o imbele e mol
costume e os modos brandos
da branda gêrazón
nosa, con amargura
pra min decindo vou:
Certo os homes de agora non son homes
e aínda menos que mulleres son.

1908.



Aquel pobo que imbécil e brando
non honra aos maiores,
ese pobo, en verdade, perece
e corre a vil morte;

mais aquel que en magníficos marbres
profunda os seus nomes,
ese pobo, ese pobo renace,
resurge, non morre.

As proezas dos padres ilustres
emulen os fillos
e se foren a oprobio obrigados
de injusto enemigo,
nese marbre subprime acenando,

seus grandes, seus inclitos:

«—Lêde, digan, se lér tales nomes
vos fóredes dignos».

Non do galo belígero as hostes,
os raudos cabalos;
non do gran Mississippi insidioso
o torpe aligátor;
non o ferro homicida, non fogo,
non duro traballo,
poderán quebrantar os robustos
galegos ousados!

1896.





C A M O E N S E P O N D A L

Por F. ROUZA-BREY

A investigazón das influenzas na obra pondaliana detívose en Macpherson como si dos poemas gaélicos tomase outra cousa o poeta de Bergantiños que o ar prerromántico de señardá e apartamento, o amor á vida rústica e á salvaxe natureza, certa vaguedade mitolóxica céltica con algunha antroponimia sônora de guerreiro ou bardo, e a reverencia pol-os groriosos feitos da esquecida historia da Patria en trance de morte.

Mais temos demostrado que Pondal estudou os poemas ossiánicos na tradución francesa de Chistian de 1867 (1) no noso estudo encol da formación literaria do Poeta (2), pois esto aparece acreditado non sómente pol-a presenza do exemplar único que de eles figuraba na Bibrioteca do Bardo (3), senón tamén pol-a laboura poética anterior, dos anos de xuventude, que coñecemos como tal vez ninguén actualmente por circunstancias especiaes que diremos n-outra parte; laboura en que a mostra máis representativa e popular é «A Campana de Anllóns», aparecida por vez primeira no «Album de la Caridad», en 1861, na que nada fai sospeitar aquela lectura aínda.

Agora faise preciso saber que formación literaria tiña o mozo do banquete político de Conxo de 1856, o dos días groriosos de estudante en Compostela, de 1847 a 1860, denantes de conecer a Ossián.

«Virxilio e o Tasso eran seus deuses» dinos Murguía (4); e nós sabemos, seguindo os inquéritos na bibrioteca do Poeta que Milton, o Dante, Tucídides, Plutarco, Shakespeare, Heine, Monti e Leopardi eran, case con seguranza, estudados n-esa época pol-o bardo bergantiñán. O influxo do Tasso xa foi notado pol-a Condesa de Pardo Bazán no seu comentario do libro «Queixumes dos pinos» (5) i-en verdade que foi o poeta máis garimosamente buscado por Pondal aínda na parte biográfica. Mais tarde foron Homero, Byron, Boileau, como único preceptista; os escritores portugueses con Teófilo Braga ao fronte, Brizeux e moitos máis. Os estudos básicos de latín e grego que na súa nenez e xuventude fixera abríronlle as portas dos clásicos doadamentos.

¡E Camoens! Penso que o de Luís de Camoens é un dos máis acusados influxos na obra pondaliana por intermedio de «Os Lusíadas».

Hai, dende logo, en Pondal, unha profunda tendenza espritoal de índole épica. O seu libro «Queixumes» (aínda que soltos, con vida propia os poemas que o forman) está composto soldándoo o Poeta nun todo por medio dos poemas inicial e final; e os versos rudos e fortes que escoita na noite aluara-da fungar cando vai

pol-o baixo cantando

o bó bergantiñán

son a epopeya da nazón galega, sometida, a reverdecer os loureiros dos antigos heroís, a soerguer a lingua nativa, a aproximar o seu corazón á nobre Lusitania, a xuntar nunha común e groriosa empresa os fatos de emigrados galegos das Américas.; todo está alí, en fin, e o Bardo sinte a unidade temática do canto dos «rumorosos» (6) dentro da variedade do acento de cada composizón:

os vosos agudos,
arpados arumes,

de un poema as ardentes estrofas
parece que zumben,

dí ao derradeiro.

Ista tendenza á epopeia e ista unidade esprica en certo modo non so-mentes a carencia de índices no libro sinón tamén de tíduos nos poemas.

Onde tivo mellor espresión a inclinación do ánimo pondaliano foi na franca concepción do poema «Os Eoas» no inédito ata o presente (7). A idea de escribilo é antiga, dos primeiros tempos do Pondal poeta, asegún conta Murgía (8) e asegún tamén se trasluz dos papés deixados pol-o Poeta.

Iste poema, contra do que se pensa, foi dado á imprenta pol-o mesmo autor e se conservan impresas máis de cincuenta estrofas, con unha pequena introducción espricando aos lectores o tíduo. *Eoas*, da voz grega *eos*, val tanto como *fillos do Sol ou da Aurora* como chamaban os indíxenas americanos aos descubridores; mais o poeta emprega a verba tamén conío *es-crarecedores, levadores de lús*. Tamén se conserva impresa a portada de adentro co nome do poema, que, ao igoal que as indicadas estrofas, temos á vista cando elaboramos istas notas (9). Supomos que a imprenta onde se imprimaron é a mesma onde se editou a Bibrioteca galega dirixida pol-o ilustre Martínez Salazar, amigo de Pondal; e seu editor de «Queixumes», por coanto que a letra empregada nas estrofas é do mesmo tipo que a da Bibrioteca galega que aquel distinto investigador dirixíu, pro máis pequena, isto é, a da fé de erratas xustamente. O prólogo está en letriña máis miuda atal como a empregada en outras publicacións do mesmo establecemento tipográfico.

Pondal no seu afán de refacer as emprentadas estrofas non deu toda a obra á imprenta e por iso ficou desconecida.

O poema pondaliano canta a descuberta da América chamada por él Colombia e segue a inspiración camoeniana en estrutura, léxico i-elemento maravilloso, diferenciándose, non embargante, na ausenza de intervenzón cristiana ao par do mundo mitolóxico greco-latino.

Desconecemos o número de octavas metro en que, seguindo a tradición das grandes epopeyas renacentes europeas a partir de Boccaccio na «Teseida» (1341), está escrito o poema, por non ter visto as que se conservan na Academia Galega que deben ser as máis, senón todas.

Poseemos na nosa biblioteca un preciadísimo volume que nos permite seguir pasada a pasada o estudo que Pondal fixo do poema portugués, por oferta cordial do noso amigo o Prof. Martínez López. Trátase da edición de «Os Lusíadas» de Lisboa de 1891, precedida da biografía do grande poeta por Inocencio Francisco da Silva anotada marginalmente pol-o noso bardo, demostrando un profundo coñecemento verso a verso do célebre poema.

As anotacións consisten pol-o xeral en observacións fonéticas, retóricas, gramaticas ou estéticas, subliñando as verbas ou frases que lle parecen de intrínseco poético. Eisí a estrofa primeira do Canto I tén anotado: *palabras largas y numerosas, estilo peónico, cláusulas largas* i-entre paréntesis *Dionisio de Halycarnaso*. A estrofa XIX do mesmo Canto tén por nota, xuntamente ca XX: *estilo periódico-peónico con desinencias sexquipedales (numerosas)*. A estrofa CIII, ten á veira: *topotésico*; a IX do Canto II: *Bella, ingeniosa, artificio elegante, sentencioso, similitudine*; e así centos de anotacións ao largo dos cantos, pois apenas hai estrofa sen anotar.

Mais intresantes e dignas de consignación son aquelas outras observacións feitas por Pondal que revelan os seus gostos estéticos en materia literaria e aínda a súa cultura e coñecimentos científicos, literarios, históricos ou mitolóxicos. Consisten en simples exclamacións, de abondo pra darnos idea das preferencias do Bardo, difíceles de entender por veces debido á letra do anotador confusa —convén lembrarnos de que Pondal escribía de pé sempre, sen apoio pra o campo da escritura— tanto como á materia escriptoria, pois están con lápis de plumbagina todas as observacións que o libro contén da man de Pondal.

Os versos camoenianos:

Que não de largo mar, con leda fronte,

mas no lago entraremos de Acheronte

(C. I, LI)

parécenlle un remate da octava *sublime*.

O verso

Lhe põe diante aquelle objecto raro

(C. II, XXXVII)

é pra él *vulgar*.

Todo o contido da estrofa LIV do C. III é tida por *ingeniosa*, e a XIV do VI, no verso que di, referíndose a Lyeo na visita a Neptuno que as ninfas se maravillan

Entre no reino da agua o rei do vinho

parécelle *vulgar e pouco nobre*

A est. LXX do C. VII é *fermosa*, como é *fermosa metáfora* aquela de

Os cornos ajuntou da ebúrnea lú,
(C. IX, XLVIII)

Cando a nimpha do C. X fala da morte de

...aquela fatal necessidade
(LIV)

fai escramar a Pondal: *bravo!*

Anota que Camoens repete os primeiros versos das estrofas LXI (C. I) e LXXVII (C. II) i-enfin, anota como erros de Camoens os das estrofas XXXIII e LX, do Canto II; IV do Canto V, a cuio márgé pón: *esto es falso. La América estaba ya descubierta*; a da est. LXXXVI do C. VI; da II do C. IX onde anota: *Errata. No es pequeña distancia*.

Ao final escribe: *Os Lusíadas (A Camoes). Jamque opus exegi, quod nec Iovis ira - Nec ignis, nec ferrum destruere poterint - Nec edax abolere vetustas* (10)

Para que poda ollarse mais doadamente o paralelismo entre o poema de Camoens, seguido pra modelo do de Pondal pomos ao par algunhas estrofas de un e outro, escollendo de «Os Eoas» tan sô unha das variantes e variadas versións que de cada estrofa existen, asegún a constante inquietude do Bardo.

C A M O E N S

As armas, e os Baroes assinalados,
que da occidental praia Lusitana
por mares nunca de antes navegados
passaran ainda alem da Taprobana;
em perigos e guerras esforçados,
mais do que prometia a força humana;
e entre gente remota edificaram
novo reino que tanto sublimaram:

e tambem as memorias gloriosas
de aqueles Reis, que foram dilatando
a Fé, o imperio; e es terras viciosas
de Africa e de Asia andaram devastando;
e aqueles que por obras valerosas
se vao da lei da morte libertando;

P O N D A L

Di, oh Musa, dos peitos esforçados
que por fé muito mais que ferro fortes,
navegaran os mares alongados
librándose da lei de escuras mortes:
como en ligeiros leños espalmados,
vagos compriran as celestes sortes;
como na longa vía, ousadamente,
emularan do Sol o curso ingente.

Dos belicosos peitos tan temidos
por quen Agar ainda está confusa;
que de fulgente ferro gornecidos,
temeran tanto os campos de Ampelusa:
e o Luco dos cornos ben cumpridos
da sofrida derrota non se escusa;

cantando espalharei por toda a parte,
se a tanto me ajudar o engenho e arte.

E vós, Tagides minhas, pois creado
tendes en min un novo engenho ardente
se sempre en verso humilde celebrado
foi de min vosso río alegremente;
daíne agora um son alto e sublimado,
un estylo grandilocuo e corrente;
porque de vossas aguas Phebo ordene
que non tenhan inveja ás de Hipocrene.

Daime unha furia grande e sonora,
e non de agreste avena ou frautá ruda;
mas de tuba canora o belicosa,
que o peito accende e a côr ao gesto muda:
daime igoal canto aos feitos da famosa
gente vosa que a Marte tanto ajuda;
que se espalhe e se cante no universo,
se tao sublime prezo cabe en verso.

As filhas do Mondego a morte escura
longo tempo chorando memoraram
e, por memoria eterna, en fonte pura
as lágrimas choradas transformaram;
o nome lbe puzeram que aínda dura,
dos amores de Ignez, que allí passaram.
Vede que fresca fonte rega as frores
que lágrimas são a agua e o nome amores!

e Orán e Argel do caso avergonzados,
aínda esconden os rostros requemados.

Oh, ti, da leda e da follosa frente
a quen a antiga edá dou culto bóo;
e nunca foras, non, a moza ardente
do verde e namorado río Aquelóo;
mais habitas e soas nobremente
no esforzado ánimo tan sóo;
e sublimas ó peito generoso
con un ruído grande e sonoroço:

deixa que a nobre fantasía voe
e dame unha potente voz de ferro;
de tal modo que o esprito onde resoe
queira sair do estreito e escuro encerro
e tan erguida e nobrentente soe
que esquecer faga o mísero desterro;
e do duro traballo conocido
hache un ledó repouso e doce olvido.

As náíades dos dous a gente ardida
longo espacio nadando acompañaran;
mais vendo que a sua voz n era atendida
á foz amada e nota se tornaram;
e con tristes suidades da partida,
longo tempo os ousados memoraran
con mil doces lembranzas e divinas
pol-as cóncavas covas peregrinas.

Por fin podemos aínda señalar cómo certas características do acento pondaliano n-«Os Eoas» se topan no poema portugués. A *lei da morte*, a *escura morte*, a *rouca luba*, e *estirpe nobre e diña*, a *famosa gente*, a *grande e forte*, a *nobre e antiga*, as embarcacións *veloces*, *estreitas e compridas*, todo o que é *sonoroso*, é algo común ao léxico pondaliano e ao léxico camoeniano de ambas concepcións epopéicas.

O peso terrible do poema lusitano sobre do de Pondal gravita a cada estrofa de tal maneira que cabe perguntar sinceramente: ¿Paga a pena imprimir «Os Eoas»? A resposta será afirmativa só no caso de que se desexe conocer todo canto o poeta de Bergantiños compuxo na sua vida; mais entendéndose ben que a gloria de Pondal non terá aumento algún con tal cousa. A corda orixinal hai que buscala na outra laboura poética do Pondal rebelde que, aparte do volume de «Queixumes», anda espallada pol-os boletins galegos e americanos do seu tempo. A corda orixinal que o envolve de eter-

na lús non está naquelas antigas octavas reás, cansas e poeirentas, alonxadas dos actuais gustos, pacientemente recortadas en onde o xenio non podía voar ceibe baixo ceos de chumbo co lastre mitolóxico da preceptiva crásica.

NOTAS

(1) *Ossian barde du III siècle. Poèmes galiques recueillis par James Mac-Pherson. Traduction revue sur la dernière édition anglaise et précédée de recherches critiques sur Ossian et les caledoniens par P. Christian. Paris, L. Hachette et cie. 1867.*

(2) *F. Bouas-Brey: «A formación literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus «Queixumes»»* publicada en *A Nosa Terra*, nos. 203, 209, 210 e 211. A Coruña, 1925.

(3) A biblioteca de Pondal foi estudada por nós formando parte da que é da Sociedade Económica de Amigos do País de Compostela, a onde pasou despois da morte do poeta en 1917.

(4) *Murguía: «Los Precursores»*, A Coruña, 1896.

(5) *Pardo Basadre: «De mi tierra»*, pax. 87.

(6) Compre facer advertenza de que as abstraccións características de Pondal do xénero de «ramorosos» pra designar aos pinos, non aparecen na obra do poeta huxta despois de saír a luz os «Queixumes». Mais tarde ten de chamar á rosa a «esplendorosa», as andurriñas, as «vagamundas» e demais.

(7) Algunhas estrofas soltas foron dadas á publicidade en algúns números do Bol. da Academia Galega e pol-o autor de estas notas no seu mentado traballo.


(8) *Murguía: «Eduardo Pondal e a súa obra»*, traballo póstumo publicado no Bol. da Acad. gal., núm. 248 e 249, 1933.

(9) Perceberon tan curiosos papéis á familia do poeta quen por mediación do ilustre Prof. membro do Seminario de Est. Galegas D. Isidro Parga Pondal os dous a iste centro.

(10) Os versos lúinos que Pondal pon no fin de *Os Lusíadas* pertencen a Ovidio e constitúen o remate das «Metamorfosis», de iste xeito:

*Iamque opus exegi, quod nec Iovis ira nec ignis
nec poterit ferrum, nec edax abolere vetustas.
Cum volet, illa dies, quae nil nisi corporis huius
tas habet, incertum spatium mihi finiat aevi:
parte tamen meliore mei super alta perennis
astra ferar, nomenque erit indelibile nostrum.
Quaque patet domitis Romana potentia terris,
ore legar populi, perque omnia saecula fama,
si quid habent versi vatum praesagia vivam.*

Cito pol-a edición de *A. Riese*; Leipzig, 1911. Tauchnitz. Outros poetas teñen conceptos semellantes como Horacio cando canta «monumentum aere perennius».





Etimoloxías dalgúns nomes xeográficos de QUEIXUMES DOS PINOS

POR PAULINO PEDRET CASADO.

GALIZA ten nos diplomas medievais unha fonte histórica abondosísima que aínda non se explotou o debido nin cualitativa nin cuantitativamente. Moitos deles proceden de mosteiros, en que foi tan rico o noso país, até tal punto que así como nas historias dos pobos que foron estados sobráns síguese o orde dos seus xefes pra coordinar os feitos, en Galiza, cuia vida orixinal mais ten sido na actuación individual e social dos seus fillos que na súa significación política, deberíamos cultivar a historia das relacións sociais dos seus grandes mosteiros pra acadar unha interpretación outamente fecunda e comprensiva da vida pasada do noso país. Mais non estiveron igualmente repartidos os cenobios no noso chan. Así a comarca ao Noroeste de Santiago que compón hoxe os partidos xudiciais de Carballo, Corcubión e Ordes, contou sempre con moi poucos. Dos que chegaron a recibir a régoa de San Bieito, só é coñecido Moraime.

Certo é que a inmensa importancia de Sobrado, herdeiro en gran parte da riqueza dos Condes de Traba, deita algúns lampos luminosos sobre algúns lugares desta rexión. Descadasi o material histórico é moi pouco. En troques esta extensa e esquencida parte da nosa Terra tivo un singular cantor, Eduardo Pondal, o poeta galego que mais ben soupo expresar a paisaxe, e cuílos asuntos matizados sempre inxeniosa e orixinalmente tiveron por marco a brava terra en que nacéu.

Son moitos os nomes xeográficos que venen en «Queixumes dos Pinos», de orixe céltica, outros hai xermánicos e algúns lati-

nos. A seguir estudiamos brevemente algúns deles.

NOMES CÉLTICOS

«ALLÓNS». — En galo «allos» = «o outro», «segundo». O sufixo nominal «on» e moi frecuente en galo. Da mesma raíz son «allobroges», pobo celta existente noutro tempo na actual Saboia, «Allo», parroquia do concello de Zás, (Cruña), «Allón», lugar da parroquia de Grandal, do concello de Vilarmayor, (Cruña), «Allones», antigamente «Alona» en Franza, departamento Eure et Loire.

«ARANTÓN». — No «Corpus Inscriptionum latinarum, II 453, ven «Dutaios Arantoni filius». Da mesma raíz é «Arantes», parroquia do concello de Ribadeo.

«BERGANTIÑOS». — Antigamente «Brigantinos». Da raíz indoxermánica «bherg» = «outo». En galo «brigantes» = «os outos», nobres ou habitantes das montañas, en cimrico «bry» = «outo», en cornualles e bretón «bre» = «coto», en alemán «Berg» = «monte».

«CAYÓN». — En galo «caio» = «muro arredor», en francés «quai» = «peirao», en castelán «cayo» = «pena no mar». Da mesma raíz é o lugar de Le Chay, antigamente Caio en Franza, departamento de Pui de Dôme.

«CARANTOÑA». — En galo «Carantonus» é un nome, en antigo irlandés «care», «cara», xenitivo «carat» = «amigo», en latín «carus» = «querido».

«CORCUBIÓN». — En antigo irlandés «corr» = «ángulo». A segunda parte do vocablo procede cicais de «cubi». Estrabón no li-

bro 4.º da sua Xeografía, falando das Galias, dinos: «pros de toutois Petrokorióis Nitiobriges kai Kadourkoi kai Bitouriges oi Kouboi kaloumenoi».

«CORME». — «Cormes», antigamente «Corma» en Franza, aldea do departamento de Sarthe, arrondis. Mamers, cantón La Ferté Bernard.

«DOMBATE». — En antigo irlandés «duma», «dumjos» = «a cima», «o cume». En medio irlandés «duma» = «coto». En inglés «dam» = «dique».

«DUBRA». — En galo plural de «dubrom» = «auga». Da mesma raíz «Douvres», «Dover», en Inglaterra e Franza.

«DORMEÁ». — En antigo irlandés «dorus» = «porta». En cornuallés «daras». En alemán «Thür». En inglés «door». Da mesma raíz «Dordoña» en Franza, «Dorchester» en Inglaterra.

«DUMBRIA». — Vid. «Dombate» e «Bergantiños».

«NEMEÑO», «NEMIÑA». — Da raíz indoxermánica «nem» = «curva», ou «nem» = «tomar». En galo «nemeto», en irlandés «nemed» = «santuario». Da mesma raíz é «nemos» en grego e «nemus» en latín = «prado».

«NINÓNS». — En Portugal «Nine», en Franza «Ninón»; no concello de Brión, (Cruña), parroquia de Luaña, hai o lugar de Ninóns.

«BUÑO». — En galo «buña» = Tronco de arbre e «bola». En italiano «bugna» = «cesta de palla»; en corso «bufek» = «colmeia».

En lombardo «buña», en sud francés «buño» = «bola».

«CORISTANCO». — Da raíz indoxermánica «kor» = «guerra», «exército». Así en grego «korianos» = «rey», «xeneral»; en gótico «harjis», en lituano «karias» = «exército», en medio irlandés «cuire» = «moitedume», en galo «tri» = «petru», «corli» = «tres, catro exércitos». «Corison» nome de varón en Nimega; «Cleve e Bonn, «Corisson», nome de varón en Xanten.

E «Tanco» nome de varón. En Nimes, en unha inscrición «Tito Tancio Titullo fratri T. Tancius».

NOMES LATINOS

«CAMELLE». — Xenitivo romanceado de «Camillus», que a súa vés relázase co etrusco «Camillus» = «Mercurio», ministro principal dos deuses.

«MARZOA». — Antigamente «Martiola». Ven de «Martius», que a súa vés ven de «Mars», divindade itálica que en osco ten o nome «Mamers».

«ZAS». — Debéu de ser denantes «Sas», como «zugar» foi «sugar» e «zoco» «soco». En castelán e en italiano «salas» «salle» respectivamente. Do latín dos textos merovingios «sala» de orixe ao fin xermánico; no antigo outo alemán «Sal» = «casa». Así no partido de Arzúa hai «Zás do Rei», i en varias rexións de Galiza «Sas» e «Saa», como en Castela «Salas de los Infantes», etc.

NOMES XERMÁNICOS

«BALTAR». — Do gótico «Balts» = «ousado» e de «harjis» = «exército». Está en xenitivo.

«BERTOA». — Nome feminino formado sobre «Bertón», cicáis como coida Piel no fascículo 3 do tomo 2.º do «Boletín de Filología». Lisboa 1933-34, e apoiado na Antroponimia de Leite de Vasconcellos, idéntico a «Beltrán». Da raíz «bairhts» = «craro», «ilustre». En cimrico «berth» é «nítido», «fermoso», polo cal fica a dúbida, se ao fin a orixe é céltica.

«BRANDOMIL». — De «branth» = «espada» e «mêreis» = «ilustre», «sonado». Está en xenitivo.

«BRANTOA». — Nome feminino. Poidera vir de «branth», mais debido ao seu sufixo feminino que indica unha relativa modernidade, se é xermánico, sexa mais xusto osmar con Piel, no número do Boletín citado anteriormente, que corresponde co nome irlandés «Brandán».

«FREXILDE». — De «fritus» = «pas» e de «gild» = «imposto».

«GOMARIS». — De «guma» = «varón» e «reiks» = «dominador».

«RECEMEL». — En Lugo e Pontevedra «Recimil». Segun Sachs en «Die germanischen Ortsnamen in Spanien und Portugal», páx. 83;

a raíz foi interpretada de distintas maneiras: Meyer Lübke con Kögel pensan en «riquis» = «tebra», Grienberger apela ao gótico «wrican» = «perseguir», Försteman presume unha cooperación da raíz «Wrak» = «vengar» con «reiks» = «rey», Schönfeld ocupase extensamente da raíz deste nome sen chegar a unha solución da cuestión aínda que inclínase ao parecer de Kögel. A segunda parte ven de «méreis».

«NANDE». — De «nantian» = «estreverse».

«RECECINDE». — Na primeira parte vé-

xase «Recemel». Na segunda ven de «sints» = «camiño».

«REMESENDE». — Ven /'e «rimis» = «des canso» e de «sints».

«TROITOSENDE». — De «drauhts» = «séquito». En antigo outo alemán «truht». En antigo nórdico «drott». En anglo sajón «dryht». O «d» inicial, fíxose «t» por asimilación ao segundo. «Sende» ven de «sints».

(Os nomes desde «Frexilde» a «Troito-sende» están en xenitivo).

(BIBLIOGRAFIA)

Walde. — «Latein. etymol. Wörterbuch». 3.^a ed.

Pokorny. — «Wergleichendes indogermanisches Wörterbuch».

Holder. — «Alt-keltischer Sprachschatz».

Meillet. — «Dictionnaire etymologique latin», (en colaboración con Ernout).

Brugmann. — «Vergl. Gramatik der Indogermanischen Sprachen».

Meyer-Lübke. — «Romanisches etymol. Wörterbuch». 3.^a ed.

Sachs. — «Die germ. Ortsnamen in Sp. und P».

Menéndez Pidal. — «Orígenes del español».

Piel. — «Os nomes germánicos na toponimia portuguesa».

Santiago 3 de febreiro de 1935.



MARXINALIAS AOS "QUEIXUMES"

NOMINA, NUMINA

Por R. OTERO PEDRAYO.

PONDAL poeta de lonxarías, heróico bardo senlleiro soupo apreixar nas palabras, hourizontes, horas senlleiras nos epitetos, e il, o menos literario dos poetas fixo das verbas froitos carregados de sementes prontas a estrelar en folión de sementes germinadoiras, craros cristás faiscando a lus, fíos de ventos finchando ventureiras velas, mollos de rajolas escolmando nos largasios, un Destiño. Toupá, brila, ruxe, dorme a verba pondálica, mais é meirande cando entre dous versos ou duas verbas deixa afondar no branco da páxina un silenzo pendurado encol do tempo como a estrela sobor do devalar de Camelle.

Eiquí soio lembraremos o engádego potente da toponomía dos «Queixumes».

Nomes lonxaos, pastores ou labregos. Uns chantados como o primeiro cimento, como a primeira coba no chán areloso e saudoso de humanidade. Uns levián pousar de colleitas, cruzar de camiños, pousas abranguido no máxico anel do hourizonte. Nomes de cons de rouco ululare profético, de titánico desespero esbaratando con farpas de roca a ofrenda das roseiras do solpor. Nomes de logariños anfiados no ondear griseiro dos lombos montesios, Nomes de onda, de sal nas agras, de antigo asambreas de ventos, de froumas e luas. Nomes que son apenas pr'o poeta a visión d'unha lareira dende o camiño e afondan o longo devalar das estirpes sobor do chán sagro como cantareiras escumas espranzadas.

I-os nomes fridos pol'o raio dos eleitos, i-os que gardan na pel labrega o son de ferro celta da raíz, i-os amados pol'o consello pechado n'iles como se ama aos petrucios, pol'o sorrir do seu acento mariñán como se ama a unha noíva.

I-os outros nados dos desposoiros da primeira concenza co caos, os que agardan,

com'os montes apañar o derradeiro locó da concenza.

Entr'as formas da catársis pondálica non é a mais pequena a evocación dos nomes.

Ponteceso: saudade da morte do río, paixón nova a cada luar baixo a ponte de artellos cangados, por onde pisou, baril, a mocidade.

Sisargas: épica dos roteiros, pr'as gaivotas illa de Avallón inzada de pomas de ceus de froita do Norde degoiroso.

Niñáns: estoicismo barudo da probe terra-xe servo dos brazos salgado do mar vello.

Recemel: luar barburando de neve os piñeiros verdes.

Bergantiños: vento mariñán acompasado ao ritmo dos sucos nutrizos, esenzas da terra labrega en qu'as nubens recollen vibrar de colleitas.

Ferreyro: a ermida, branca como un seixo apaña a oración das campías.

Ponte-Dona: xentileza de Misia Ponte, etiqueteira fidalguía.

Treo, Xaviña, Valencia: falas d'homens coñecidos, honradeza dos fumes das doce, aos lonxes, no outono.

Verdes: a carballeira da farra e da cómplice suma.

Traba: lembranza d'un destiño senlleiro.

Coristanco: un folgo, un grolo de viño e queixo, co cabalo á porta, pra seguir camiño.

Bertoa: celtigo renovo do cabrínfollo.

Brantao: són bárdido de harpa feita de cornos do luar e cordaxe de rajolas de sol.

Carballido: aquíl cantar «esireliña do lu-ceiro» na follateira tenra do abril.

Marzoa: soedade boa como o pán esgrevio.

Xallas: rañar do vento na pel de lobo dos érmos.

Arantón: cabalgadas das somas.

Gundar: a estatua armoñosa traballada en neboeira.

Laxe: a nau encorada no enxoiro areal.

San Simón: badeladas na luzada chaman-do ao resolio dos romeiros.

Langüelle: ollar de pastor bravo avergoñado, il tan rexo e destemido, do sorrir da mocíña valeca.

Croa: Prehistoria.

Nemíla: as musas latinas bébedas de sal atlántica.

Muxía: roseiras no duro valado de pedra.

Vilarmide: un verdecer pr'o roldar dos elfos.

Morpeguite: a frase endiañada d'aquila moza enfarñada que cosía o pan con frouma tenra.

Touriñán: Adamastor privado de mitoloxía.

Recesinde: ecoar d'un salouco prisoeiro no roquedo, pra sempre.

Frexilde: follosidade yñanceira de soma tentadoira.

Bribes: apenas un falar mariñán.

Barcala: sol nos verdes: sorpresa da Primadeira.

Cairbar: outo berro do clán.

Ougal: froulear cun N. W. orgazos peiteados.

Brumar: desceu a neboa, quentar as mans no lume dos nómadas.

Nariga: fito e adeus.

Belouside: o rego pulindo doas de croios.

Arca de Augas: roldaron as Fadas tod'a noite. Aínda trema o orballo do seu roldar.

Morás: no fogar do poente quéntanse azas mouras de nubens.

Arca de Piose: non é bo achegarse a ela. Soio ao Bardo lle non fan mal.

Brandomil: a sonata romántica.

Eiriz: penedías, atruxos, noite de luceiros pardaes.

Rioboo: fartura do rexo comedor de porco.

Ousinde: danzalidade das mocíñas rendeantes, pallas de tragal.

Dormeá: Filosofan os castañeiros, i-o cazador chouta nas mozas.

Maroñas: a fada casta, a virxen con valentía de viuda sen mais xente que a terra.

Basoutas: tecen as escumas os lenzos pr'arroupar aos nenos, pr'a empanar aos mortos.

Ures: o arco tendido do hourizonte vai ceibar a frecha d'Orión.

Nemenzo: poema étnico.

Támará: no recanto do val os fumes dreitos como pinos.

Baltar: loira, branca, verdes allos.

Armeiar: soar dos longos carretos do outono.

Barrañán: abrente cun mar de pé.

Mórdomo: a sesta faguendo na herba sarregos de corpos.

Portomeiro: dozura da casa amiga, gasalleira.

Angeriz: a lanza germana chantada no torrón.

Osmo: sal na faciana e na man.

Monte Branco: anguria do vixia, ollos abertos, dooridos, pra sempre.

Allóns: decorrer, saudade da morte.

Barreira: nas espiñas ficou o manto esgazado.

Tella: longo canto étnico.

Muías: bronco acento, feitizo, da mocíña ao desabrochar.

Rentar: a cazadora, arco de luar, frechas de vento, cans de froulas, fitando o rebaño fuxitivo das estrelas.

M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO

II VIENA

Chegueime pois ao cai, e estiven vendo pasar un vapor de rodas que turraba por unha barcaza. Andiven de ponte a ponte, de Schweden Brücke a Aspern Brücke. Era esa

hora fermosa do vran en qu'o sol cai d'esguello, un pouco fresca já. A millor hora pra vivir e sintirse vivir, com'en París, na Cité. Pasei co esta sensación e sen niugún pensa-

mento a Aspern Brücke, por riba da canal, demoradamente, considerando a larganza do río: Danubio azul, o río das operetas e dos vales, deixando qu'a bris me dera na face. Cheguei a Ferdinandstrasse chea de boas tendas. Do mesmo punto qu'esta, arrinca a Praterstrasse, que vai dar ao Prater, o famoso Prater de Viena, de sona universal, un dos paradisos municipais d'iste mundo. Non cheguei aló. Din volta pol-o Schweden Brücke.

TRAXE NACIONAL

Alí mesmo, na ponte, crucei c'un Señor vello, en compañía d'unha dona. El levaba unha chaqueta curta con trabilla, azul craro, con colo de veludo e duas fías de botós de metal, as solapas abotoadas, calzón curto e bandás nas pernas, chapeu con penacho d'escobón. Pode que fora da Landsturm; pode que fora o vestido nacional.

Despois vin moitos mais. Caxeque a mitai da poboación de Viena semella que vai vestida d'ise geito.

A chaqueta é curta, d'un género a raías ou cadros de coores, con botós de metal e colo de veludo escuro. O calzón é curto de gamuza, pechado pol os lados e deixando os giollos ao len, ou tamén de forma bridge, ou golf, ou longo corrente. O chaleque é moitas veces azul ou verde escuro, ou encarnado, con moitos botós d'aceiro. O chapeu é de formas variadas: d'aba curta con copa cilíndrica, feito de veludo e adornado atrás co penacho en figura d'escobilla, ou con prumas d'outro geito, ou ordinario fendido con penacho, ou pequeno tirolés case cónico, con cordón en lugar de fita e penacho.

Contrasta ledamente coa indumentaria standart dos homes modernos, e semella que consola o velo. Non parez ter importancia iste detalle do vestido, e mais pode tela. Cecaís a resurrección ou adopción d'un geito de vestir difrente o propio sexa unha das cousas mais dificultosas de conseguir; cecaís sexa esta unha das mais arriscadas afirmanzas da personalidade d'un pobo, por insignificante ou infantil que pareza, e cecaís pol-a sua insignificanza e aparente puerilidade. Por eso cecaís, o vestido indicanos, inda soe

pódenos amostar cantas cousas aínda poden ser restauradas habendo vontade de o facer. E non me parez pequeno ensino.

A SOBERBIA PUNIDA

Anoiteceume percorrendo de novo todo aquil pequeno quartel antre Dominikaner e Rotenturm, e por fin, despois de contemplar outra vez o pazo barroco do Arzebispo, collín fronte ao Domo o autubús de volta. Por 20 groschen, deixoume ond'a Elisabeth Kirche.

D'alí fun á estación precural o equipage. Era noite, e as ruas aquelas estaban escuras e mal alumeadas, tristes e desertas. Había uns arcos voltaicos moi febles.

Recollín os meus bultos, e víñen coiles nas mans. Pesaban de raio. Anda, anda, anda, co-a angueira material de carretar dous bultos e a satisfacción moral de non precisar de ninguén e de s'abondar un a si mesmo, que gorenta a un individualista radical e robinsónico, coma se sinte un n unha d'estas vilas — Deus mo perdoe e non mo colla en soberbia — porque ven ser unha soberbia a inversa da outra: o *non serviar* en lugar do *non serviam*. Soberbia contra do home, en lugar de ser contra Deus.

E Deus castiga sen pau e sen pedra. Cando eu iba mais foncho co as miñas valijas pol a veira d'un jardín, unha vella apelidou por min dend'atrás: levaba d'arrastras unha camisa que fugira por unha parte mal pechada d'un saco de lona e ficara presa sementes por un puño. Tiven que pousar pra recollela. Contra sobeabia, ridículo.

E seguin andando cara a pensión, pol as ruas escuras e sijandeiras.

COMIDAS E BEBIDAS

Ao chegar, atopei con que me mudaran pra outra cámara, con grande fiestra cara un páteo de vecindade negro e escuro.

Unha mesa d'escribir diante da fiestra, sen dúbida pra millor contemplar o páteo aquil. Á dereita, a inevitábele chaise longue, cómoda e leito. Frente á fiestra, lavabo. No meio, mesa con cadeira e sillón de brazos.

Descansei botando un pito Memphis, de caixa verde.

Por fin, fun cear co-as señoras. As señoras ja eran seis. Déronnos unha sorte de budín de peixe bastante bó, con verdura cortadiña e duas cortadas de tomate crú con vinagre e limón. Cousa esta derradeira qu'eu endejamais quixera comer, anque moitas veces me pasara por dediante. Por fin probeina; a combinación do vinagre e mais o limón, co seu perfume, fai aturar un pouco a dozura basta e a friaxe visgosa do tomate.

Non vos pareza mal qu'eu fale de cando en cando de comidas e bebidas. Espírito tan

ergueito coma o de Huysmanns adicoulle nas suas novelas capidosos inteiros. Hay que ter en conta qu'a cencia culinaria é unha cencia nobre, merecente da atención dos grandes señores; co a caza, co-a danza e a mûseca, co-a mesma poesía, forma parte da cultura cortesán de gran estilo. Eu opinei sempre que, embora escrita en castelán, unha das grandes obras da cultura galega, é *La Cocina Práctica* de Picadillo, cuio autor era, coma se sabe, un fidalgo e un intelectual, con gran abelencia literaria e gentil humorismo.

(continuará)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

O CENTENARIO DE PONDAL

Ex toda Galiza comemorouse o día 8 de febreiro a data da nacencia do grande Bardo Bergantiñán. Non temos novas de todos os lugares, mais poremos eiqui os principais actos celebrados en honra do autor de *Queixumes dos pinos*.

Ponte Ceso

Na patria de Pondal, a chamamento da Comisión Orgaizadoza da homage, acudiron numerosas representacións da Universidade Compostelá, Seminario de Estudos Galegos, Concello de Ponte Ceso, Agrupamento Ul'treya, Escolas nacionas, e outras entidades. a mais de moito público, pois en varias cidades e vilas, orgaizáronse verdadeiras pelerinages ao lugar da nacencia do poeta.

Ond'a casa petrucial d'iste, celebrouse un acto singelo e brillante, no que os nenos das escolas fixeron unha ofrenda de froles, cantou, acompañado co-a zanfona o Sr. Abade de Cesullas, e fixeron uso da palabra don Alvaro das Casas e mais o Vicereitor da Universidade Compostelá, D. Luis Iglesias.

Á mañá, tivérase unha misa pól o eterno descanso d'Eduardo Pondal.

Santiago

Ao homage aderironse a Universidade que, ademais de concurrir ao acto de Ponte Ceso, acordou sufragar co a Academia Galega a edición das obras inéditas de Pondal, e a reimpresión de *Queixumes dos pinos*, e mais o Seminario de Estudos Galegos, que consagrará á memoria do Bardo un volume dos seus *Arquivos*.

Na sociedade Recreo Compostelano, deu

unha intresantisema conferencia en col de Pondal, D. Ramón Otero Pedrayo, que foi escoitado por numerosísimo público.

A Cruña

A Academia Galega celebrou no Circo d'Artesanos unha sesión solene que resultou moi brillante. Os académicos D. Angel del Castillo e D. Antón Villar Ponte, leeron versos de Pondal, e unha Srta. cantou unha fermosa muiñeira, acompañada por elementos da Coral Polifónica, e por fin, pronunciou un manífico discurso o Sr. Otero Pedrayo.

Támén acordóu a Academia editar aixinha as obras inéditas do gran poeta.

Elementos do Circo d'Artesanos e do Secretariado de Galiza fixeron unha ofrenda de froles na campa de Pondal, no cemiterio cruñés.

No «Ateneo Coruñés», tamén se celebrou un importante acto no que pronunciou un belo discurso o mozo patriota Xenaro Ruano e dixo unhas verbas Antón Villar Ponte.

Vigo

Deu unha conferencia por radio en col do poeta, o escritor D. Julio Sigüenza.

Sada

Houbo tamén un acto conmemorativo, no que falou D. Ramón Suárez Picallo.

Ourense

Tivose unha sesión de radio na que recitou poemas de Pondal o Sr. Pérez Testa, executouse mûseca galega, e pronunciou unha

conferencia o director de NÓS, D. Vicente Risco.

Imprensa

Adicaron números á celebración do Centenario, con interesantes traballos, os jornais seguintes:

La Voz de Galicia e *El Ideal Gallego*, da Cruña; *El Eco de Santiago*, de Compostela; *El Pueblo Gallego*, de Vigo; *Heraldo de Galicia* e *La Región*, de Ourense.

Papel de color

O poeta Álvaro Cunqueiro repartiu por toda Galiza un número extraordinario da súa publicación *Papel de color*, adicado a Pondal.

Portugal

A revista *Seara Nova* promoveu un concerto de Cantares galegos, orgaizado pola Sra. D.^a Emma Romero Santos Fonseca de Cámara Reys, e celebrado no salón dos Bombeiros Voluntarios Lisbonenses, e adicou ao Centenario un número con colaboración galega, que reseñamos aparte.

E unha delicadísima atención que temos qu'agradecer fondamente aos redactores de *Seara Nova*, e especialmente ao ilustre Profesor Rodríguez Lapa.

POLAS REVISTAS ADIANTE

A revista *Galicia en Madrid*, órgano de «Lar Gallego», no seu número de xaneiro 1935, encomenza a publicación d'un *Diccionario castellano-gallego*, debido a D. Vicente Llopiz Méndez, que contén: «todas las equivalencias de uso corriente en Galicia, Valle del Navia, El Bierzo y Sanabria, palabras del gallego antiguo tomadas de documentos históricos y formas castellanizadas que se emplean en el lenguaje popular».

Crar'está que a lingua de Sanabria (estudada pol o Prof. Krüger, de Hamburgo) é un dialecto que mais ben que ao galego, pertence ao leonés occidental, e aínda o berciano en conxunto, non é craro se é propiamente leonés ou galego. Se o A. ten man de sinalar en cada caso a procedenza comprobada das verbas do seu *Diccionario*, iste pode ser un instrumento inapreciábele. Noutro caso, perdería a maior parte do seu valor. Coidamos, a julgar pol-a táboa d'abreviaturas, na que figuran algunhas pra formas asturianas, bercianas e castellanizadas (por certo que falla pra as sanabresas) o A. presentaranos a procedenza dos vocábulos aportados.

Seara Nova, de Lishoa, adica o número 425, de 7 de Febreiro, ao Centenario de Pondal.

Encabezando un conxunto d'escritos de Castelao, Vicente Risco, Alvaro das Casas, F. Bouza Brey, A. Villar Ponte e R. Otero Pedrayo, tratando diversos asuntos en col das preocupacións principais da renacementa galega o ilustre Prof. Rodríguez Lapa fai unha evocación de Pondal, da que, coma indicantes do seu senso, reproducimos os seguintes anacos:

«Todos os problemas que afligem a Galiza actual —e tantos e tão antigos são— pode dizer se que têm um eco e até um alvito de solução no recheio artístico dos *Queixumes dos Pinos*. Esses problemas podem reduzir-se a um só —o poeta adivinhou-o admiravelmente: aliar á capacidade de sentir, a pretensão inabável de querer; cultivar a essência primordial no que ela tem de viril, de magnificamente criador; contemplar o passado mas com o fito nas energias da vida; preferir a quietude apagada da materia a soberba intranquilidade do espírito».

«Pondal sentiu e exprimiu com sobriedade amazíssima a grande chaga da Galiza dos nossos días: a vergonha de ser ela mesma, a falta de confiança em si, o abandonar-se a todas as dominações»...

«...Eduardo Pondal foi o primeiro escritor galego que sentiu essa necessidade instintiva (a aproximação a Portugal) e as correspondências afectivas que ligam os dois povos irmãos».

«...Mas o poeta de Bergantinhos vai mais longe: deseja que a Galiza intervenha aínda na conquista das liberdades portuguesas... Tal o intuito da poesía *A vontade homérica*, cujo sentido político está aínda por esclarecer; julgamos ver nela uma referência aos ideais democráticos e libertadores da 1.^a República espanhola».

«...A poesía de Pondal é pois todo um programa de regeneração espiritual e uma cartilha de liberdade cidadã. Ensina aos galegos portugueses uma coisa preciosa em que muito convén meditar: o perigo de certo lirismo deliquescente e fácil, isca habitual de todas as sujeições, e urgente necesidade de o contrabater, sem o aniquilar, por disciplinas mais austeras».

REFRANEIRO GALEGO, ed. por A. das C. Santiago, NÓS.

Publica iste refraneiro «Ultreya», c'unha intención de vulgarización e propaganda da

nosa sabencia popular. Encomenza c'unhas verbas en prosa, endereitadas aos labregos, animándoos a sentírense orgullosos da súa caste e mester, e a practicar as virtudes da raza.

Os refrás veñen logo ordeados pol os meses do ano, sendo caxeque todos meteorolóxicos, agrícolas ou mariñeiros. Ao final veñen outros, tidoados consellos; de carate moral e endemonolóxico.

Están moi ben escolleitos, e todos iles son da mais pura engebreza.

**BOLETIN DE LA ACADEMIA
GALLEGA, Cruña, 1.º Outubro 1934.**

Sumario *Notas sobre la Geología Gallega: Terrenos Paleozoicos*, P. H. Sampelayo. — *Notas arqueológicas: Un torques y tres brazaletes*, Angel del Castillo. — *De Monetaria Gallega. Fundación de la fábrica de subia y noticia de sus principales acuñaciones, precedido de un breve recuento de otras zeas de Galicia*, César Vaamonde Lores. — *Diario histórico del Regimiento Provincial de Monterrey contra los carlistas en Galicia (1833-1840)*, Fr. Francisco Quecedo. — *El Convento de la Anunciación de Bayona*, Fr. Aureliano Pardo.

BIBLOS, Coimbra, Maio a Agosto, 1934

Sumario. — Dra. Eva Seifert, *Novos aspectos da Filología Románica*. — L. Saavedra Machado, *Os Ingleses em Portugal*. — Doctor Francisco Morais, *A expressão do Santo*. — Antonio Nogueira Gonçalves, *A lanterna-cornicheu da Sé velha de Coimbra*. — Gago Coutinho, *Continuação dos erros em que se apoiou o desdobramento da rota d V. da Gama em «Os Lusíadas»*. — José Manuel Malheiro do Vale, *A linguagem de Mouraz*. — João Ramos, *Genealogia dos Reis de Portugal*. — A. G. da Rocha Madalil, *Documentos para o estudo da cidade de Coimbra na Idade Média*. — Vária. — *Bibliografía* - P.ª José dos Santos, *Métrica de Comões*.

**PORTVCALE, Porto, Setembro-
Dezembro 1934**

Sumario: *Uma linda cantiga do século XIII*, J. J. Nunes. — *Paráfrase «Amor e Saudade»*, música, Herminio do Nascimento. — *A Trindade do Museu do Porto*, Roberto de Carvalho e Pedro Vitorino. — *O Livro V das «Ordenações»*, A. C. Pires de Lima. — *Notula filológica: «estranjeiro» e não «estrangeiro»; «lugar» e não «logar»* Francisco Torrinha. — *D. Fernando e Leonor Teles entrado no Porto após o seu casamento em Leça do Balio*, quadro, Carlos Bouva-

lot. — *Um grande poeta do Brasil: Jorge de Lima*, Adolfo Casais Monteiro. — *Hipótese*, Rui Santos. — *Notas filológicas: a linguagem dos annuncios*, João da Silva Correia. — *Da minha terra: Peidões quaresmales*, A. L. de Carvalho. — *Subsidio para o estudo do traje em Portugal no 2.º quartel do séc. XIX*, Rolando Van Zeller. — *As propriedades em comum (Lindoso)*, A. C. Pires de Lima. — *Vária*. — *Bibliografía*. — *Navidades*. — *Res et verba*.

**LA NOSTRA TERRA, Mallorca,
Gener, 1935,**

Sumario: *Punt i seguit*. — *Roda, molt, roda*, Ferrán Soldevila. — *Elements de caracterizació urbanística a l'Eixample de Palma*, G. Alomar, arq. — *Mare neva de Lluch*, A. Rosselló. — *Frontières et culture*, Francis de Miomandre. — *A la vila de Petra*, Maria Antonia Salvá. — *Defensa de la poesia*, Bartomeu Forteza, trad. — *Els llibres*. — *Les arts*. — *Reculls de Fora*. — *Noticiari*.

**BOLETIN DE LA SOCIEDAD CAS-
TELLONENSE DE CVLTVRA,
1935, Cuaderno I**

Sumario: *La Biblioteca, singularment la popular, en funció divulgadora de la cultura*, Rafael Raga Miñana. — *La Rambla de la Viuda*, Vicente Gimeno Michavila. — *Noves pinturas rupestres en el terme d'Ares*, Joan Porcar. — *Ave*, B. Artola Tomás. — *Un nuevo libro de Sir Chandler Poso*, Leandro de Sa-ralegui. — *Hungor*, Bernat de Rafalafena. — *Note lo plane*, Antonio Gasparetti. — *Francisco Farraga*, F. Escóin Beleguer. — *El darrer poema*, Carles Salvador. — *Fragments del epistolario de Pedrell*, Vicente Ripollés. — *Refranes valencianos*, Joan M. Borrás Jarque. — *Noticias*.

**NOTICIAS CULTURALES DE
EUROPA CENTRAL Y
ORIENTAL, Noviembre
Diciembre 1934**

Dirige esta publicación R. Kaltöfen, que tiyo a atención de nola mandar. Trai notizas eo movimento literario, artístico e centífeco nas naciós da Europa Central e Oriental, germánicas, slavas, letonas, etc. A Redacción está en Berlín, e ten agencias en Zurich, Belgrado, Riga, Varsovia e Praga.

O número recibido trai artigos gerás en col de literatura chekoslovaca, letona, austriaca o teatro en Berlín e Viena, cidades e viages, escritores (O. Wirz, Th. Dacubler), pintores (H. Grundig, C. Kullwitz), reseña de libros, etc.

BROTÉRIA, Lisboa,
Janeiro 1935.

SUMARIO: R. da Silva, *O Marquês de Pombal, irreligioso ou católico?*, Mariano Pinho, *Corporativismo*, Domingos Mauricio, *Portugal na literatura inglesa do século XV*, J. da Costa Lima, *Beleza litúrgica*, Luis Gonzaga de Azevedo, *Relações de Afonso III com o clero*, Condesa de Rivas, *Assistência técnica*, Armando de Mattos, *As armas dos Pears no brasão de Portugal*, Luiz Chaves, *Etnografia Portuguesa*, Domingo Mauricio, *«Elementos de História de Portugal» de Alfredo Pimenta*, *Revista de Revistas*, *Bibliografia*, *Obras recebidas*.

O INSTITUTO, Coimbra
Vol. 87 - 4.ª serie - Vol. 16 - N.º 5

SUMARIO: *Toponímia Coimbrã*, J. Leite de Vasconcellos, *Oxford - História*, Miguel d'Almeida Pile, *Quaternios e imaginários*, Carlos Eugénio Alvarez Pereira, *A nacionalidade portuguesa e o nome de Cristóbal Colón*, Carlos Roma Machado, *Amieiro - Do antigo priorado do Crato*, Tude Martins Sousa e Francisco Vieira Rasquilha, *Una expedición catalana al norte de California*, Alfredo Gummá y Martí.

REVISTA DE CULTURA, Rio de Janeiro,
Novembro e Dezembro 1934,

SUMARIO: *Visita de quatro Cardeais*, Dom Duarte L. e Silva, *Microcosmo*, Carlos de Laet, *O bispo de Olinda perante a história*, Antonio Manuel dos Reis, *Conto do Natal*, Dr. Agostinho de Campos, *Syntaxe brasileira*, Dr. E. Vilhena de Moraes, *Questão ortográfica*, Dr. Sousa da Silveira, *Nótulas: Palabras*, Dr. Agostinho de Campos, *Bibliographia*.

AN OALED, Carhaix
1.º trimestre 1935.

SOMMAIRE: *Va beaj Sant Woaseg ha Kemperlé*, gant Loeiz Ar Floch, *Hekleo ens foar Vilkuet Brest*, gant Iann Ar Gall, *Hag vnkouant a peus graet?*, gant an Dr. Stephan, *El er Huder*, gant Efflam Koet Skau, *Enquête sur les petites Nations: les self-Gouvernements*, *Un Chouan: De Sol de Grissoles*, par Lionel Radiquer, *Kuden hon Adsao-ni: lettres de Celles Etrangers*, *Histoire de la langue Bretonne*, par Yves Levot-Becot, *Jornal d'un marchand de vins du 17 e siècle*, par Jaffrennou, *Echos bretons*, *Le film «Chanson d'Amor» de Jean des Cognet*, *Une campagne contre la Bretagne*.

L'enseignement du breton. Recours à Genève. Bibliographie, etc.

LA NOSTRA TERRA
Mallorca, Dezembro 1934

SUMARIO: *El tresor artistic. El misteri del castelle de Mont blan*, Elvir Sans, *Cobletes de la bona alegria*, Joan Llangueres, *L'estat actual del problema de las onas de marea interna*, Francesc de P. Navarro, *Els Llibres. Les Arts. Reculls de fora. Noticiari*.

SUDETENDEUTSCHE ZEITSCHRIFT
FÜR VOLKSKUNDE, Prag,
1934, 5, 6 H. ft.

SUMARIO: Dr. E. Schröpl, *Sudetendeutsche Blutgruppenforschung*, Leopold Schmidt, *Des Oberuferer Spielkreises*, Dr. Will-Erich Peuckert, *Nachbarliches Gut in Schlecten*, Rudolf Hruschka, *Süwestmährische Sagen*, Richar Sokl, *Spottnamen am Dorfe*, Dr. Richard Zimprich, *Der Gedanke an den Tod im bauerlichen Leben*, Ott F. Babler, *Seit wann die Menschen ihre Todsünde nicht mehr voranswissen*, Dr. h. c. Karl R. Fischer, Adolf Koenig, *Das Tuschker und das Kaulherrnspiel*, Richar Zeisel, *Von einem Toepfermeister, der keinen Paartopf machen konnte (Märchen)*, *Einlauf für das Archiv. Kleine Mitteilungen*.

ULENSPIEGEL
5 Noviembre y Diciembre, Amberes.

SUMARIO: Ronald de Carvalho, *Avant-Propos*, R. de C. Brasil, J. Denuce, *Brésil et Belgique*, O. A. Machado de Oliveira, *Les relations commerciales belgo-brésiliennes*, Luc Durtain, *Two Goofstroken nit «Vers la Ville Kilometre 3»*, Luc Durtain et le Brésil, Oswaldo Tavares, *Le Chancelier de la Paix*, F. Castillo Nájera, *Un internacionalista - Un hombre*, Mauricio von Wellisch, *Panamericanisme*, Alfonso Reyes, *Aduana lingüística*, M. V. W., *Portrait de Jack Sampaio*, Machado de Assis, *Soneto do Natal*, Caio de Mello-Franco, *Bons propositos*, Sotero Cosmo Beethoven, C. de M. F., *Senhora dos olhos tristes*, C. de M. F., *Carta de São João del Rey*, Bolívar y las Incas, Adhemar Gehain, *Les profondeurs du «Don Quichotte»*, Armando Solano, *El pais Vasco español*, André M. Pols, *El centenario de Peter Benoit*, Raymonde Duchene, *Gente, Ciudad del Trabajo*, *La Politique commerciale mexicaine*, *Libros*, etc.

Imprenta NÓS, Rua do Vilar 15, Santiago.

Dr. Amancio Caamaño

SANATORIO QUIRÚRXICO

Pontevedra

suscríbase a :

ser

semanario
gallego de
izquierdas

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRAFADO

Si quer qu'os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequiera as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO